

## Seres míticos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *A Torre dos Mouros*

Na aldea de Sevil, parroquia de Cequeril, concello de Cuntis (Pontevedra), consérvanse, perto do río Umia e a non moita distancia do castro denominado Castro Sevil, os restos do que debeu ser unha construción medieval. Unicamente se pode ver o chan de pedra cunha zona de escaleiras, algunhas cantas pedras ben traballadas, que insinúan o inicio dalgunha parede, e mesmo unha columna. Perto deste lugar hai moitos valos que pechan algunhas leiras e que, sen dúbida, foron construídos cos restos procedentes desta torre, pois están feitos con pedras moi ben labradas para tratarse de simples valados.

Dado o misterio que envolvía a orixe destes restos arquitectónicos, afastados por completo das zonas habitadas hoxe, a imaxinación popular buscoulle decontado unha explicación. E como non podía ser doutra maneira, aquí aparecen os míticos mouros, sempre usados como explicación de todo o que escapa do coñecemento empírico popular. Por iso estes vestixios son denominados como a Torre dos Mouros, un lugar completamente empapado de mitos, fábulas e tradicións.

Entre elas convén salientar o feito, difundido tamén no caso dalgúns castros do mesmo concello e outros lugares encantados de Galiza, de constatar a existencia dunha cultura moura oculta que habita baixo os nosos pés. Neste caso ademais a tradición indica que estes mouros tiñan un túnel subterráneo que empregaban para iren ao río a dar de beber aos cabalos perto da Ponte do Ramo, nunha zona onde había un antigo cemiterio. Asegúrase que a entrada deste túnel foi tapiada para evitar que entraran a xogar os rapaces e se puideran mancar. O outro lado do túnel está dentro do propio río, nunha zona con moitas pedras dispersas, restos

dalgunha construción e mesmo cunha soleira de pedra labrada dentro da auga.

Tal como fai constar Adrián Fontenla Varela no traballo titulado ["A viga dos mouros do castro Sebil"](#)

, publicado tamén en Galicia Encantada, os mouros que habitaban esta torre eran continuamente acosados debido á posesión dunha cobizada viga de ouro, morrendo o último deles a consecuencia "dunha frecha disparada desde o monte de Cequeril, ao outro lado do río". Polo que me teñen contado, este mouro estaba a dar conta dunha boa cunca de papas no momento en que o mataron.

[Fotografía da ["Ponte do Ramo"](#) de Lucía Couso. Texto de Marcos Seixo Pastor, de Cuntis (Pontevedra)]

